**9. APERTURA OFERTAS**

Entidade, domicilio e localidade: véxase punto 6 do anuncio.

Data e hora: 10.30 horas do primeiro luns seguinte ó día que remate o prazo de presentación de ofertas.

10. GASTOS ANUNCIOS

Pagaraos o adxudicatario.

11. PÁXINA WEB PARA OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN

www.vigo.org

Vigo, 31 de marzo de 2004.—O concelleiro da Área de Xestión Municipal, Javier Guerra Fernández. 3020

Concurso aberto para a contratación da edición do material promocional da Concellería de Turismo do concello de Vigo.

1. ENTIDADE QUE ADXUDICA

Organismo: concello de Vigo.

Dependencia: Turismo.

Número expediente: 1403/104.

2. OBXECTO DO CONTRATO

Descrición: deseño e edición de material promocional da concellería de Turismo (2 lotes).

Lugar de execución: Vigo.

Prazo: un ano.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

Forma: concurso.

4. PRESUPOSTO

Lote 1: 120.000 euros; lote 2: 30.000 euros.

5. GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe.

6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

Información Xeral do Concello de Vigo, Praza do Rei s/n 36202 Vigo. Teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATO

Clasificación: non se esixe.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: artigos 16 e 19 RDL 2/2000 de 16 de xuño.

8. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Prazo: 15 días naturais seguintes á publicación do derradeiro anuncio de licitación no DOG e BOP.

Documentación: a esixida no prego de condicións administrativas.

Lugar de presentación: véxase punto 6 do anuncio.

Prazo da obriga de mante-la oferta: 3 meses contados dende o día da apertura de proposicións.

Variantes: ata 10 variantes por lote.

9. APERTURA OFERTAS

Entidade, domicilio e localidade: véxase punto 6 do anuncio.

Data e hora: 10.30 horas do primeiro luns seguinte ó día que remate o prazo de presentación de ofertas.

10. GASTOS ANUNCIOS

Pagaraos o adxudicatario.

11. PÁXINA WEB PARA OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN

www.vigo.org

Vigo, 31 de marzo de 2004.—O concelleiro da Área de Xestión Municipal, Javier Guerra Fernández. 3018

* * *

CAMBADOS**EDICTO**

En cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, R.B.R.L., faise público que o Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 18.02.2004, acordou aprobar definitivamente a Modificación Puntual da Ordenanza nº 1 de edificación industrial e comercial do Plan Parcial de Sete-pías.

A Ordenanza inicial fora publicada no B.O.P. nº 171 do 06.09.99, e a modificación aprobada afecta unicamente ós apartados relativos a PARCELA MÍNIMA E RETRANQUEOS LATERAIS, e no que elo afecte ós restantes apartados de dita Ordenanza inicial, que se manteñen nos seus termos.

DEFINICIÓN

Corresponde á edificación que albergue aquelas actividades industriais ou comerciais que, de acordo con Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas ou Perigosas e o vixente Plan Xeral, teñan cabida neste polígono.

ÁMBITO

Esta Ordenanza é de aplicación a tódalas parcelas privadas, que no plano de zonificación se califican como SOLO DE USO INDUSTRIAL E COMERCIAL (ordenanza nº 1) e para a que pasa a ser de patrimonio municipal en función do Aproveitamento Tipo.

CONDICIÓN DE APROVEITAMENTO E VOLUMETRÍA**SUPERFICIE MÁXIMA EDIFICABLE SOBRE RASANTE**

É a superficie que, construída sobre a rasante do vial é computable a efectos de edificabilidade. O total a construír ascende a 151.086 M².

ALIÑACIONES E RASANTES

As aliñacións e rasantes exteriores serán as definidas polo presente Plan Parcial polos instrumentos que o desenvolvan.

RETRANQUEOS

As construcións gardarán obrigatoriamente as distancias que nesta normativa se establecen con respecto ós viais, zonas verdes e equipamentos e límites do polígono con outras propiedades exteriores ó mesmo.

Dentro das parcelas observaranse as seguintes condicións:

As edificacións poderán ser exentas ou adosarse a un dos lindeiros laterais.

Cando se constrúan en modo exento, as distancias ós lindeiros laterais serán de catro metros.

Cando se adosen a un dos lindeiros, gardarán respecto ó lindeiro oposto, un retranqueo mínimo de oito metros.

Cando exista consentimento entre os propietarios de parcelas colindantes, permítese o adose a ambos lados.

As distancias mínimas a gardar polas construcións en aqueles lindeiros que dan a zonas verdes, equipamentos ou que son propiedades exteriores ó polígono, será como mínimo de tres metros.

Os retranqueos mínimos que se establecen para as edificacións son:

Fronte a vial

As parcelas que dan fachada a parcelas de lotes 6 polígono, estrada Oubiña ou Pontevedra, gardarán a estas vías a distancia que fixe o Órgano competente e como mínimo seis metros ó borde.

Respecto ós viais do polígono gardaranse un mínimo de seis metros.

Fondo de parcela

Adose obrigatorio ou separación mínima de 8 m, excepto as parcelas 100, 101, 102 e 103 que deberán cumprir unha separación de 10 m respecto dos límites municipais, a parcela 103 deberá cumprir ademais unha separación de 5 m. Con respecto da parcela do parque deportivo

Laterais:

Permítese o adose ás parcelas colindantes, sempre que sexan de uso industrial-comercial e se deixen oito metros noutro lado; noutro caso o retranqueo mínimo será de 4 metros.

Cando exista consentimento entre os propietarios de parcelas colindantes, permítese o adose a ambos lados.

A medición realizarase en paralelo ós lindeiros da finca. Cando se trate dunha parcela en esquina, consideraranse frontes os dous a efectos de retranqueos frontais e o resto os especificados no plano de aliñacións, sempre de acordo coas especificacións desta ordenanza.

PARCELA MÍNIMA

Para a segregación de parcelas, establécese unha parcela mínima que deberá posuír unha superficie non inferior a 500 m², e na que poida inscribirse un rectángulo de lado mínimo de 10 m, ocupando o lado máximo todo o fondo da parcela motivo da segregación.

Toda parcelación que non se axuste ó establecido neste Plan Parcial, será considerada parcelación ilegal a efectos urbanísticos.

PARCELA MÁXIMA

Non se establece parcela máxima, pero debe ser considerada como unha soa parcela, a que resulte da agregación de varias parcelas cun mesmo uso, ós efectos de aplicación da normativa. Polo tanto, cando se agreguen parcelas poderanse eliminar os retranqueos a lindeiros se á agregación se produce no senso lateral, ou o do fondo, caso de producirse nese outro senso.

Unha vez obtida a nova parcela, a edificación a construír terá que cumprilos retranqueos a tódolos seus novos lindes, tal e como se especificou anteriormente.



A edificabilidade neta resultante para a nova parcela será a obtida de suma-las edificabilidades das parcelas orixinarias; non así a ocupación, que poderá ser maior ó eliminarse — como xa se comentou no primeiro parágrafo— os retranqueos ós lindeiros comúns das parcelas orixinarias; en calquer caso, a nova ocupación non poderá superar nunca o 80%.

EDIFICABILIDADE

A edificabilidade máxima permitida sobre parcela de uso industrial será a que no cadro resume (fichas urbanísticas) se establece para cada caso, e que vai dende a menor (0,47 m²/m²) á maior (0,90 m²/m²).

OCUPACIÓN MÁXIMA

A edificación non poderá ocupar máis que o parámetro definido na ficha de cada parcela, excepto se se produce agrupación de parcelas (ver PARCELA MÁXIMA), que nunca poderá supera-lo 80 %

SOLO NON OCUPADO OU OCUPABLE

No solo non ocupado pola edificación e que non sexa susceptible de ocupación futura (por non terse utilizado a edificabilidade total), deberán preverse os espazos necesarios para a carga e descarga de mercadorías, paso de vehículos, xardíns e aparcamentos.

Nesta mesma zona libre, ou ben en soto, deberá resolverse o aparcamento de vehículos, cunhas dotacións mínimas en parcela dunha praza por cada 200 m² de edificación proxectada.

Como mínimo un 10% da zona libre de cada parcela deberá ser destinada a xardíns e zonas verdes.

ALTURA

A altura máxima a cornixa será de nove metros e medirase nas dúas fachadas opostas do fronte e fondo, non podendo sobrepassalos once metros en ningún punto respecto á rasante final do terreo en contacto coa edificación.

Exceptuaranse as naves que precisen máis altura en virtude de razóns técnicas de proceso, que deberá estar debidamente xustificado, sendo entón a altura a correspondente ó proceso ou elementos singulares de que se trate.

En todo caso por enriba da altura máxima autorizada, admitirase a cuberta así como os elementos singulares necesarios por razón da actividade, sempre que garden as distancias a fronte, fondo e lindeiros establecidas para a edificación. A pendente máxima da cuberta será dun 25%.

O máximo número de plantas da edificación será de dúas.

A altura máxima da cuberta está limitada polo tipo estrutural elixido, da tal xeito que non poderá ser utilizable e sen sobrepassalo 25 % de pendente, excepto que o deseño específico e estrutural da cuberta así o precise, debendo ser xustificado por aspectos técnicos.

CERRES DE PARCELA

Os cerres de parcela non poderán ser macizos na súa totalidade.

Permitiranse un zócalo continuo dunha altura máxima de 1.00 metro. Por enriba deste zócalo, as partes macizas só poderán ocupar un 20% da superficie total do cerre.

CONDICIONS HIXIENICAS E SANITARIAS

As edificacións axustaranse ás disposicións establecidas na lexislación laboral, sanitaria e sectorial correspondente.

Serán de aplicación as normas vixentes en materia de:

• Ilamento termico-acústico.

• Ventilación e iluminación.

• Protección contra incendios.

• Accesibilidade para minusválidos.

• Tratamento e evacuación de augas.

• Normativa básica de edificación.

E en xeral toda aquela que polo seu empra-zamento, deseño e uso lle sexa esixible.

CONDICIÓN DE USO

Fixanse nesta Ordenanza as condicións de uso, en relación coas Normas Xerais de Uso do capítulo 3 das Normas deste Plan Parcial.

Usos principais:


INDUSTRIA.—Nas condicións establecidas neste Plan Parcial e en tódalas categorías que establece o P.G.O.U. e que quedan reguladas no Capítulo 3 do mesmo.

COMERCIO.—Nas condicións establecidas neste Plan Parcial e en tódalas categorías que establece o P.G.O.U. e que quedan reguladas no Capítulo 4 do mesmo.

Usos complementarios:

VIVENDA.—Soamente se autorizarán vivendas destinadas a residencia da persoa encargada da garda das instalacións nas seguintes condicións e supostos:

- a) Que soamente se proxecte unha vivenda por instalación, agás que a superficie construída total supere os 5.000 m², neste caso poderá autorizarse unha segunda vivenda.



- b) Que o uso sexa exclusivamente para o servizo de vixiancia e garda das edificacións.
- c) Que a superficie construída da vivenda non supere 125 m².
- d) Que se axusten ás normas de habitabilidade que lle sexan de aplicación.

**GARAXE-APARCAMENTO. ARTESANIA.
OFICINAS. SANITARIO. OUTROS USOS**

Calquera outro uso non incluído na relación anterior deberá ser expresamente autorizado polo Concello.

Cambados, marzo de 2004.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 2942

EDICTO

Tramitándose neste Concello expedientes de baixa dos vehículos que deseguido se indican, e non sendo posible a notificación ós interesados, de conformidade co disposto polo artigo 59.4) da Lei 30/92, de 26 de novembro, efectúanse as mesmas, mediante a publicación do presente anuncio, tanto no Taboleiro de Edictos do Concello como no Boletín Oficial da Provincia.

Os propietarios deberán proceder á súa retirada do depósito municipal, dentro do prazo de 15 días, a contar do seguinte ó da publicación do presente edicto, e, no mesmo prazo, poderán persoarse no expediente e efectuar as alegacións que coiden oportunas.

Se no prazo dun mes, a contar da data de publicación do presente anuncio, os titulares dos vehículos non se fixesen cargo dos mesmos, o Concello procederá á súa conversión en chatarra, de acordo co disposto polo artigo 35 da Ordenanza Municipal de Tráfico.

RELACIÓN DE VEHÍCULOS

Expediente: 06/04.

Vehículo: Ciclomotor.

Marca/Modelo: Mobylette/Cady.

Nº Bastidor: 720767

Expediente: 09/04.

Vehículo: Ciclomotor.

Marca/Modelo: Mobylette/Rural 90.

Nº Bastidor: 983821.

Cambados, a 25 de marzo de 2004.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 2941

EDICTO

Elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial do Presuposto Municipal para o exercicio 2004, e en cumprimento do establecido polo artigo 150.3 da Lei 39/88, de 28 de decembro, faise público que dito Presuposto ascende, tanto en Gastos como en Ingresos, á cantidade de dezaioito millóns trescentos corenta e dous mil douscentos corenta e cinco euros con sesenta e sete céntimos (18.342.245,67 €), correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte

**R E S U M E :
ESTADO DE GASTOS**

<u>CAP.</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>EUROS</u>
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal.....	2.931.126,87
2	Gastos en bens correntes e servizos.....	3.000.478,24
3	Gastos financeiros.....	89.000,00
4	Transferencias correntes.....	172.882,27
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.....		
6	Inversións reais.....	11.326.972,95
7	Transferencias de capital.....	481.755,04
8	Activos financeiros.....	12.000,00
9	Pasivos financeiros.....	328.030,30
TOTAL GASTOS.....		18.342.245,67

ESTADO DE INGRESOS

<u>CAP.</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>EUROS</u>
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos directos.....	1.505.330,64
2	Impostos indirectos.....	808.200,00
3	Taxas e outros ingresos.....	1.957.040,47
4	Transferencias correntes.....	3.430.092,61
5	Ingresos patrimoniais.....	8.500,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.....		
6	Alleamento de inversións reais ..	3.700.000,00
7	Tránsferencias de capital.....	6.921.081,95
8	Activos financeiros.....	12.000,00
TOTAL INGRESOS.....		18.342.245,67

Asimesmo quedaron aprobados os Cadros de Persoal funcionario e laboral para o ano 2004 e a Relación de Postos de Traballo, en cumprimento do disposto polo artigo 14.5 da Lei 30/84, o 90.1, da Lei 7/85 e o 126 do R.D.L. 781/86, facéndose pública en virtude do establecido polo artigo 127, do citado Real Decreto Lexislativo, segundo o seguinte detalle: